



Comunicado nº 048/19
29 de Marzo de 2019

COMISIÓN GALEGA DE KARTING:

Ante a dúbida suscitada, na primeira proba do calendario 2019 de Karting, no eido do número máximo e mínimo de pneumáticos a mercar por proba nas especialidades de Alevín, Cadete, X30 (Junior e Senior), e KZ2, a Comisión acorda:

A partir da vindeira proba 46º Karting de A Pastoriza, contabilizando a xa celebrada, terase que mercar no proveedor oficial do Campionato de Galicia de Karting 2019 os equipos novos que se incorporen a participar, na merca de alomenos **dun xogo de pneumáticos de seco (mínimo)**. O control de desgaste será controlado por Comisario Técnico habilitado ao efecto, o que permitirá ou non, a tenor do desgaste dos pneumáticos, a participación ou denegación da mesma a criterio dos Comisarios Deportivos.

Tódolos pneumáticos, a usar nas probas do Campionato de Galicia de Karting 2019, en tódalas modalidades, teranse que mercar no circuito ó proveedor oficial de “Lecont-Rodakart” e serán marcados, e tomada nota do seu código de barras, para un control exhaustivo e riguroso da norma.

Os pneumáticos non se poden prestar nin cambiar con outros participantes, sendo de uso e titularidade exclusiva do que os mercou.

Os pneumáticos mercados noutros Campionatos non se poderán utilizar no Campionato de Galicia de Karting 2019, en adestramentos oficiais, nin na carreira oficial. Os pneumáticos en adestramentos libres teñen que ser da marca Lecont sen marcar.

Os pneumáticos para a categoría de Rookies, mixtos, valen para participación en todo o Campionato (seis probas) con merca dun xogo mínimo para todo o Campionato. É libre o número de pneumáticos a mercar e utilizar a través do todo o Campionato a criterio do titor-asistencia de cada piloto, en aras da seguridade do participante tendo en conta o desgaste e o agarre do pneumático. Farase unha verificación estricta do estado dos pneumáticos do Comisario Técnico da proba; podendo informar ós Comisarios Deportivos de calquera tipo de risco.